

Blogs

Introdución

Un blog, ou bitácora, é un sitio web periódicamente actualizado que recopila cronoloxicamente textos ou artigos de un ou varios autores, aparecendo primeiro o máis recente, onde o autor conserva sempre a liberdade de deixar publicado o que crea pertinente.

O termo **blog** ven das palabras *web* e *log* (*log* en inglés = diario). O termo **bitácora**, ven por referencia ós antigos cadernos de bitácora dos barcos, emprégase preferentemente cando o autor escribe sobre a súa vida propia como se fose un diario, pero publicado en Internet en liña.

As ferramentas de mantemento de weblogs clasifícanse, principalmente, en dous tipos: aquelas que ofrecen unha solución completa de aloxamento, gratuíta (como [Freewebs](#), [Blogger](#) e [LiveJournal](#)), e aquelas solucións consistentes en software que, ó seren instaladas nun sitio web, permiten crear, editar e administrar un blog directamente no servidor que aloxa o sitio (como é o caso de [WordPress](#), [Eggblog](#), [FlatPress](#) ou [Movable Type](#)).

WordPress

WordPress é un sistema de xestión de contidos enfogado á creación de Blogs. Está desenvolvido en PHP e MySQL, baixo licenza GPL, ten como fundador a Matt Mullenweg. WordPress foi creado a partir do desaparecido b2/cafelog e convirtiuse xunto a **Movable Type** no CMS mais popular da blogosfera. As causas do seu enorme crecemento son, entre outras, a súa licenza, a súa facilidade de uso e as súas características como xestor de contidos. Ten por detrás unha grande comunidade de programadores e deseñadores que se encargan de crear *plugins* e *themes* para toda a comunidade.

- [Páxina principal de WordPress](#)
- [WordPress en Wikipedia](#)
- [Screencast de instalación de WordPress \(Rafa Veiga -> 23 Mb\)](#)